

ANEXO 1: PROTOCOLO DE REPARTO DE MATERIAL A DOMICILIO

PROCESO DE ENTREGA E RECOLLIDA DE MATERIAL:

1. Avísase á familia de que o reparto a domicilio está en camiño e se establece un lugar acordado para a entrega do material:
 - a. Lugar aberto sempre que sexa posible.
 - b. Preferiblemente no chan, alfombrilla, etc.
 - c. Nunca dentro dos propios fogares.
2. Unha vez se chega ó domicilio deposítase o material no lugar establecido previamente e se comunica á familia vía telefónica ou a través do telefonillo.
3. Unha vez depositado o material e comunicado á familia, o profesional sepárase, debendo gardar unha distancia de alomenos 2 metros co lugar de entrega.
4. Cando o usuario ou familiar recolle o material, establécese comunicación gardando sempre a distancia mínima de 2 metros.
5. A recollida de material lévase a cabo da mesma forma: o usuario ou familiar deposita o material no lugar indicado, sepárase a distancia mínima e o profesional a recolle.
6. Tras cada visita os profesionais desinfáctanse cos xeles para a seguinte visita programada.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL:

Establécese como material de uso imprescindible para cada reparto:

- Guantes.
- Mascarilla.
- Xeles desinfectantes.

PROFESIONAIS:

Establécese unha rotación inicial de profesionais para que os usuarios e familias poidan ter contacto visual con todos eles. Nun segundo momento priorizaráanse na elección do profesional para cada reparto as afinidades dos usuarios programados para visita cada día.

VERIFICACIÓN E MELLORA DO PROCEDEMENTO:

Coa finalidade de dar constancia das visitas e avaliar e mellorar o sistema de entrega de material a domicilio, grabaranse aleatoriamente gran parte das visitas sempre que se cumplan as seguintes condicións:

- Información previa á familia e persoa usuaria.
- Consentimento da familia e persoa usuaria.